



### CONSORCIO PROVINCIAL DE LUGO PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO

#### Anuncio

PUBLICACIÓN DA RESOLUCIÓN DA PRESIDENCIA DO CONSORCIO PROVINCIAL DE LUGO PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO DE DATA 19 DE OUTUBRO DO 2022, POLA QUE SE APROBA A LISTA PROVISIONAL DE ADMITIDOS E EXCLUÍDOS E SE NOMEA AO TRIBUNAL CUALIFICADOR DO PROCEDIMENTO SELECTIVO PARA A PROVISIÓN DUNHA PRAZA DE COORDINADOR/A DE PARQUES COMO PERSOAL LABORAL INTERINO DO CONSORCIO PROVINCIAL DE LUGO PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO

En relación co procedemento para a provisión dunha praza de coordinador/a de parques como persoal laboral interino para o Consorcio Provincial de Lugo para a prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento, convocado mediante resolución da Presidencia de data 3 de agosto do 2022 (Boletín Oficial da Provincia Núm. 188 de data 18 de agosto de 2022), a a Presidencia do Consorcio adoptou, con data 19 de outubro do 2022, a seguinte Resolución:

1.- Aprobar a lista provisional de admitidos/as e excluídos/as ao proceso selectivo para a a provisión definitiva de unha praza de coordinador/a de parques do Consorcio Provincial de Lugo para a prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento

#### ASPIRANTES ADMITIDOS/AS:

Nº	APELIDO 1	APELIDO 2	NOME	DNI*
1	ALVAREZ	CASTRO	TEODORO	444****7T
2	DOMINGUEZ	RODRIGUEZ	JONATAN	444****0W
3	DOPICO	RODRIGUEZ	LOIS	764****5C
4	FERNANDEZ	DIAZ	IGNACIO	333****1W
5	MACIAS	YAÑEZ	MARIA FATIMA	326****3T
6	MARTINEZ	PEREZ	MIGUEL ANGEL	769****9Q
7	PRADO	NISTAL	LAURA	039****1N
8	VENTIN	PEREIRA	MANUEL	769****9T

#### ASPIRANTES EXCLUÍDOS/AS :

Nº	APELIDO 1	APELIDO 2	NOME	DNI*	MOTIVO EXCLUSIÓN
1	DOCAMPO	CANCELAS	VICTOR ANTONIO	361****8G	3
2	PRIETO	RIVAS	JAVIER	326****3S	3
3	VEIRAS	PULLEIRO	JOSE ANTONIO	473****0E	3

Nº	MOTIVO DE EXCLUSIÓN
1	Non presentar a solicitude de instancia segundo o modelo normalizado (debe presentarse en formato PDF e asinada, no modelo adxunto ao final deste documento)
2	Non presentar o DNI
3	Non presentar copia autenticada ou compulsada do título académico esixido na convocatoria.
4	Presentar a solicitude fora de prazo. NON EMENDABLE
5	Presentar a solicitude a través dun medio non válido. NON EMENDABLE

2.- Nomear o Tribunal cualificador, que estará formado polos seguintes membros:

**PRESIDENTE:**

Titular: D. José Domingo Rodríguez Ferreira, Xefe do Servizo de Contratación e Fomento da Deputación Provincial de Lugo.

Suplente: D. Pablo Seoane Cancelo, Asesor Técnico do Servizo de Contratación e Fomento da Deputación Provincial de Lugo. Funcionario do Subgrupo A1.

**VOGAIS:**

Titular: D. Daniel Díaz Fernández, Xefe do Servizo de Emerxencias da Xunta de Galicia en Lugo. Funcionario de Administración especial da Xunta de Galicia. Subgrupo A2.

Suplente: D<sup>a</sup> Marta Barreiro Castro, Funcionaria de Administración Xeral da Xunta de Galicia. Subgrupo A1.

Titular: Gerardo Criado Guizán, Funcionario de Administración Especial da Xunta de Galicia. Subgrupo A1.

Suplente: D. Alejandro Alcalde Varela, Funcionario de Administración Xeral da Xunta de Galicia. Subgrupo A1.

Titular: D<sup>a</sup>. Maria Esther Alvarez Martínez, Oficial Maior do Concello de A Coruña.

Suplente: D<sup>a</sup>. Rosa Abelleira Fernández, Interventora da Deputación Provincial de Lugo.

Titular: Dna. Ana Belén Mera Arias, Técnico Superior de Edificacións e Obras da Unidade de Proxectos da Deputación Provincial de Lugo.

Suplente: D. Hector Diéguez Aranda, Xefe do Servizo de Vías e Obras da Deputación Provincial de Lugo.

**SECRETARIO:**

Titular: D. José Antonio Mourelle Cillero, Secretario-Interventor do Consorcio Provincial de Lugo

Suplente: D. Xesús Arrizado Yáñez, Xefe do Servizo de RRHH da Deputación Provincial de Lugo.

3.- Nomear como colaboradores e asesores do proceso selectivo a Dna. Marta Rouco Seoane, Xerente do Consorcio Provincial de Lugo, e D. Carlos García Touriñán, Director de Seguridade Cidadá do Concello de A Coruña.

4.- Notificar o contido da presente resolución aos membros do Tribunal e ordenar á súa publicación no BOP, no Taboleiro de Anuncios do Consorcio e na páxina web [www.salvamentolugo.org](http://www.salvamentolugo.org)

Lugo, 20 de outubro de 2022.-O SECRETARIO INTERVENTOR, Jose Antonio Mourelle Cillero.

R. 3033

## CONCELLOS

### BARALLA

#### *Anuncio*

Estando próximo a vencer o período -catro anos- polo que se nomeou Xuíz de Paz titular deste Concello, en cumprimento do preceptuado no artigo 101 da Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial, publícase a seguinte convocatoria:

1.- OBXECTO.- Elección do Xuíz de Paz titular de Baralla polo Pleno da Corporación.

**2.- REQUISITOS.-**

- Ser español.
- Maior de idade.
- Non estar incurso en ningunha das causas de incapacidade previstas no artigo 303 da Lei Orgánica do Poder Xudicial.

**3.- INCOMPATIBILIDADES.-** As causas de incompatibilidade a que se refiren os artigos 389 e seguintes da devandita Lei 6/85 operarán con posterioridade ó nomeamento, mediante a oportuna opción que efectúen os nomeados. O exercicio de actividades profesionais ou mercantís non constitúen causa de incompatibilidade.

**4.- PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES.** O prazo de presentación de solicitudes será de quince días hábiles que se computarán a partir do seguinte ó da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

**5.- DOCUMENTACIÓN QUE DEBE ACHEGARSE Á SOLICITUDE.**

- Certificación de nacemento ou fotocopia autenticada do DNI.
- Certificación médica, acreditativa de non estar impedido física ou psíquicamente para o exercicio da función xudicial.
- Certificación expedida polo Rexistro Central de Penados e Rebeldes.
- Declaración complementaria de conducta cidadá a que se fai referencia no artigo 2 da Lei 68/80 no seu punto 1 a).
- Xustificante dos méritos que alegue o solicitante.

**6.- LUGAR DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES.-** As solicitudes presentaranse no rexistro de entrada do Concello de Baralla, nos días de oficina de 10:00 a 14:00 horas ou na forma establecida no artigo 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Baralla, 25 de outubro de 2022.- O ALCALDE, Miguel González Piñeiro.

R. 3064

**CASTROVERDE***Anuncio*

Que pola xunta de goberno celebrada o día 19 de outubro, ditouse a seguinte resolución, aprobación ao Padrón do prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar correspondente ao mes de agosto de 2022, e exponse ao público polo prazo de quince días contados a partir do seguinte da súa publicación ao obxecto de que poida ser examinado e presentar contra o mesmo as reclamacións que se estimen pertinentes. Así mesmo faise saber que dita publicación servirá de notificación colectiva a todos os contribuíntes nel comprendidos ao amparo da Lei Xeral Tributaria.

Castroverde, 19 de outubro de 2022.- O alcalde, Xosé María Arias Fernández.

R. 3028

**CERVANTES***Anuncio***INFORMACIÓN PÚBLICA**

Aprobados por Resolución de alcaldía de data 18 de outubro de 2022, os padróns que a continuación se relacionan, expóñense ao público polo prazo de quince días hábiles contados dende o seguinte ao da publicación deste edicto no Boletín Oficial da Provincia de Lugo:

- Taxa polo servizo de recollida domiciliaria do lixo (2º e 3º trimestre de 2022).
- Taxa polo servizo de subministro domiciliario de auga potable e canon da auga (2º e 3º trimestre de 2022).

**Recursos:** Contra o acordo da aprobación dos padróns se poderá interpor recurso de reposición.

**Prazo de presentación do recurso:** un mes contado dende o día inmediato seguinte ao do término do período de exposición ao público dos padróns.

**Órgano ante o que se recorre:** Alcalde do concello de Cervantes.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formulen poderán interporse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdición.

A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante a Xunta Superior de Facenda (Consellería de Facenda) no prazo dun mes desde que se entenda producida a notificación mediante o padrón.

#### ANUNCIO DE COBRANZA

Para o cobro dos mesmos, os recibos seranlles cargados nas contas bancarias respectivas, e fíxase como período de cobro voluntario o prazo de dous meses, contados a partir do período de exposición pública. Finalizado o exercicio pasarase o seu cobro pola vía de constrinximento, cos recargos previstos no artigo 28 da Lei 58/2003 de 17 de decembro, Facenda Pública, Lei Xeral Tributaria, a través do Servizo Provincial de Recadación da Excm. Deputación Provincial de Lugo.

A falta de pagamento do canon de auga no período voluntario suporá a esixencia directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia.

A presente publicación, nos dous supostos, de edicto de exposición ó público do padrón e anuncio de cobranza, ten o carácter de notificación colectiva, ó amparo do establecido no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria.

Cervantes, 19 de outubro de 2022.- O alcalde, Benigno Gómez Tadiñ

R. 3029

---

### RÁBADE

#### *Anuncio*

Por Resolución da Alcaldía de data 20 de outubro de 2022 aprobáronse as bases para o nomeamento dun funcionario interino do grupo C, Subgrupo C2, escala de administración xeral, subescala auxiliar administrativo, por prazo de 9 meses, no marco do Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos para a execución de obras, servizos e creación de emprego “Programa fomento do emprego 2022”.

A convocatoria e as bases aprobadas poden consultarse no taboleiro de anuncios do Concello de Rábade, na páxina web [www.rabade.org](http://www.rabade.org) e na sede electrónica municipal <https://rabade.sedelectronica.gal>

O prazo de presentación de solicitudes será de 10 días naturais contados a partir do seguinte á data de publicación no BOP de Lugo.

Rábade, 20 de outubro de 2022.- O Alcalde, Francisco Xosé Fernández Montes.

R. 3030

---

### VIVEIRO

#### *Anuncio*

Conforme ao establecido no artigo 17 do RDL 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, faise público que por acordo do Pleno do Concello de Viveiro, en sesión ordinaria celebrada o día 4 de outubro de 2022, aprobouse provisionalmente a seguinte modificación da ordenanza fiscal:

- Modificación de Ordenanza Fiscal nº 44 reguladora dos prezos públicos do servizo do centro de atención á primeira infancia no concello de viveiro

No taboleiro de anuncios do Excmo. Concello de Viveiro está exposto o acordo de aprobación provisional, quedando sometidos devanditos expedientes a información pública polo prazo de 30 días, contados desde o día seguinte á publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia, dentro dos cales os interesados poderán examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas. De non presentarse reclamacións entenderanse aprobadas definitivamente.

Viveiro, 18 de outubro de 2022.- A alcaldesa, María Loureiro García.

R. 3031

---

### XERMADE

#### *Anuncio*

**Asunto: establecemento prezos públicos**

En cumprimento do disposto no Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, faise público que por Decreto da Alcaldía núm. 2022-0413 de data 19/10/2022 aprobouse o establecemento dos prezos públicos para as actividades culturais e deportivas do curso 2022-2023, co seguinte detalle:

Actividade	Prezo público anual
Teatro	50,00€
Manualidades	50,00€
Costura	50,00€
Zumba	50,00€
Pilates	50,00€

Xermade, 19 de outubro de 2022.- O alcalde, Roberto García Pernas.

R. 3032

## MINISTERIO PARA A TRANSICIÓN ECOLÓXICA E O RETO DEMOGRÁFICO

### CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DO MIÑO-SIL, O.A. COMISARÍA DE AUGAS

*Anuncio*

#### INFORMACIÓN PÚBLICA

**Expediente: A/27/06965**

Asunto: Solicitud de modificación características, novación y cambio de titularidad de concesión de aprovechamiento de aguas

Peticionario: Luis Florencio López Seijas

Nombre del río o corriente: arroyo Do Pozo

Caudal solicitado: 2,53 l/s

Punto de emplazamiento: Maceda, parroquia de Mosteiro (San Salvador)

Término Municipal y Provincia: Outeiro de Rei (Lugo)

Destino: Riego

#### BREVE DESCRIPCIÓN DE LAS OBRAS Y FINALIDAD:

La captación se realiza en la margen izquierda del arroyo mediante un azud, que permite la derivación hacia el canal de riego que distribuye el agua a la parcela.

Lo que se hace público para general conocimiento por un plazo de TREINTA DÍAS, contados a partir del siguiente a la fecha de publicación del presente anuncio en Boletín Oficial de la Provincia de Lugo, a fin de que los que se consideren perjudicados con lo solicitado, puedan presentar sus reclamaciones, durante el plazo indicado, dirigidas a la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O.A., ante este Organismo, Ayuntamiento de Outeiro de Rei, o a través de cualquiera de los medios o registros previstos en la Ley 39/2015, de 1 de octubre, del Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas.

Se hace constar que el expediente estará de manifiesto para su consulta en las oficinas de la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O.A. (Comisaría de Aguas, Ronda de la Muralla, 131 - 2º Planta - 27001 - LUGO).

Teniendo en cuenta la situación actual en lo que respecta a la exposición a coronavirus y a los riesgos sanitarios derivados por el contagio de la COVID-19, para acceder al expediente de forma presencial, se deberá de SOLICITAR CITA PREVIA y respetar en todo momento la MEDIDAS DE SEGURIDAD que establezcan las autoridades sanitarias y las instrucciones del personal del Organismo.

Lugo, 17 de octubre de 2022.- EL COMISARIO ADJUNTO, Alberto de Anta Montero.

R. 3034